



FEDERACIÓN
GALEGA DE
MOTOCICLISMO

ACTA DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MOTOCICLISMO celebrada en Vigo o día 15 de xuño de 2018 ás 21:00 h. en 2ª convocatoria

Coa asistencia dos membros da Asemblea que a continuación se detallan, baixo a presidencia do presidente da FGM D. José Canda Rodríguez e coa asistencia do secretario xeral, Mário Riveiro Martínez.

Asisten:

ESTAMENTO DE CLUBS:

MOTO CLUB PAPAYA
MOTO CLUB MÓVETE NA MOTO
MOTO CLUB MORRAZO
MOTO CLUB CLIP
MOTO CLUB MOVISA
CLUB SOBRE RODAS
CIDADE DE TUI

ESTAMENTO DE DEPORTISTAS:

D. XACOB AGRA CARRERA
D. AARON BERNARDEZ CARRO
D. ANDRÉS CALVAR GONZALEZ

ESTAMENTO DE TÉCNICOS:

D. MOISÉS BERNÁRDEZ CARRO
D. JOSÉ BERNÁRDEZ RODRÍGUEZ
D. JULIO PÉREZ SOLLEIRO

ESTAMENTO DE XUICES-ÁRBITROS:

D. ALBERTO GARCÍA FANDIÑO

Comeza a reunión ás 21:00 horas en segunda convocatoria cos únicos puntos do día:

1. Aprobación do regulamento e calendario electoral. Explícase aos presentes que o regulamento foi feito partindo dun borrador enviado e revisado pola SXD. Explícase tamén a obrigatoriedade de facer os censos por especialidades. Nos procesos anteriores, había un único censo común de MOTOCICLISMO. Explica o secretario que a SXD está devolvendo regulamentos electorais para corrixir a outras federacións que tentaron facer un censo único polo que non ten sentido plantexalo. A pesar de que no noso caso a maioría dos clubs teñen actividade en varias especialidades, os clubs deberán figurar no censo da especialidade na que teñan mais licenzas. O Secretario explica que se optou por establecer as cotas por especialidades en función do número de participantes nos distintos ctos. galegos, a forma mais obxectiva de facelo. Para os clubs, fíxose tal como nos dixeron dende a SXD, polo maior número de licenzas das especialidades nas que participou. Sómese a votación o regulamento e calendario electoral, aprobándose co voto favorable de tódolos membros presentes.
2. Delegación na Xunta Directiva. O secretario explica que a SXD pode modificar algunha data do calendario electoral, ou corrixir algunha cousa do regulamento. De facelo habería que voltar a

convocar a asemblea para aprobar eses cambios. Pídese dende a presidencia autorización para delegar na Xunta Directiva a incorporación dos posibles cambios impostos dende a SXD sen ter que voltar a reunir a Asemblea. Todos os asistentes votan favorablemente a delegación na Xunta Directiva para incorporar ao regulamento as posibles modificacións que poidan chegar dende a SXD.

3. Designación membros Xunta Electoral. Por último o secretario informa das candidaturas chegadas para ser membro da Xunta Electoral. Foron seis as solicitudes recibidas, quedando a composición da mesma da seguinte maneira.

1	Carlos A. Pérez López	44448142K	Titular
2	Ernesto Canoa Peralba	36051826Q	Titular
3	Manuel Jalda Hernandez	78737737C	Titular
4	Annira Bermudez Rivera	53177849D	1º reserva
5	Mª Mercedes Gago Martínez	52494904A	2º reserva
6	Mª Dorinda Garaboa Paz	52457195Z	3º reserva

Dáse por finalizada a reunión ás 21:15 horas do día 15 de xuño de 2018.

Vº Bº. presidente FGM

asdo. Secretario Xeral

José Canda Rodriguez

Mário Riveiro